

Lingua galega e literatura.

A oración composta. Actividades de creación.

1. **Armazón poético.**

Intentade escribir un texto (a poder ser, suxestivo, poético) amparados nas estruturas sintácticas das seguintes poesías / cancións. Previamente, subliña nelas o tipo de oracións que se indican ao lado. Tamén che axudará apoiarte nos exemplos achegados. E atende a audición.

» "Os tempos son chegados" (de *Na lúa*, sobre textos de Eduardo Pondal)

Que non pare o bailador, que non pare, vai arredor !	<u>estructuras</u>	<u>exemplo base</u> (creación mínima)
<p>Cheguei o vinte e cinco a Compostela nun ceo de bandeiras e de estrelas: estabas onde ía a Galiza nova, de tódolos secretos tomei a proba.</p> <p>Un saúdo de vellos compañeiros, de namorados, que brindan porque os tempos xa son chegados.</p>	<p>SUMA DE ACCIÓN (EU - ELA) Or. xustapostas e coordinadas (incluíndo unha subordinada adverbial de CCL e unha subordinada de relativo MOD).</p>	<p><i>Espertei o desexo: os teus recordos danzan. E xa non agardo, e rompo as distancias que nos separan.</i></p> <p>...</p>
<p>Busquei teus ollos perto dos insumisos, ameí a liberdade do teu sorriso. E crece o movemento que nos defende, nin amos nin escravos do amor que prende.</p> <p>Un saúdo...</p> <p>Os tempos son chegados das vaguedades, bicamos a loucura e a inmensidade: pasamos toda a noite eu e mais ela na lúa de Santiago de Compostela.</p>	<p>I I I I I I I I I I v</p>	
<p>Os vellos compañeiros, os namorados, brindaban porque os tempos xa son chegados.</p>	<p>CONTEXTO Or. causal (efecto-causa)</p>	<p><i>Os ventos acompañannos porque beben as nosas ansias.</i></p>

» "Cando era tempo de inverno" (de Rosalía, na voz de Amancio Prada e M^a Dolores Pradera)

<p>Cando era tempo de inverno, pensaba en donde estarías; cando era tempo de sol, pensaba en donde andarías.</p> <p>Agora... tan soio penso, meu ben, se me olvidarías !</p>	<p>PASADO or. sub. adverbial CCT + verbo principal + or. sub. substantiva (x2)</p> <p>PRESENTE or. pr. + or. sub. subst.</p>	<p><i>Cando non coñecía a soidade cría que podía abrirse todo. Cando as horas contestaban cría que as voces se unían.</i></p> <p><i>Agora soamente creo que está nun mesmo o refuxio.</i></p>
--	--	---

[*en donde: onde
*soio: só]

[Equivale a "antes pensaba iso
agora penso isto"]

2. **Enquisa dirixida.**

Contesta as preguntas empregando as oracións tal como se indica e exemplifica.

PREGUNTA	TIPO ORACIÓN	EXEMPLO
1. Cantos irmáns tes?	Copulativa con atributo	<i>Son filla única</i>
2. A quen botas moito de menos?	Or. con sub. de relativo	<i>Fáltame unha amiga que emigrou</i>
3. Que queres facer no futuro?	Or. con sub. substantiva	<i>Quero traballar no mar</i>
4. Farías de todo por diñeiro?	Or. coord. adversativa	<i>Non creo, pero nunca se sabe</i>
5. É imprescindible o móbil?	Or. causal	<i>Éo porque hai que estar localizable</i>

6. Hai algunha razón que xustifique o uso da violencia?

Or. condicional

Se te atacan, está xustificada a violencia

-